

Señor Alcalde e Corporación Municipal de Campo Lameiro:

O pobo de Campo Lameiro quere participar neste pleno extraordinario, porque extraordinario é o panorama que nos vén encima: unha catarata de anuncios, de polígonos eólicos, que parece non ter fin, e que ameaza con deixarnos sen horizonte nin futuro, rodeadas de viraventos xigantes e torres de alta tensión.

Xa son oito destes polígonos os que tocan directamente territorio de Campo Lameiro:

-Polígono Eólico Alende.

-Polígono Eólico Rosa dos Ventos.

-Polígono Eólico Anduriña.

-Polígono Eólico Zudreiro.

-Polígono Eólico Campo das Rosas.

-Polígono Eólico Touriñán III-2.

-Polígono Eólico Pico Touriñán.

-E, en parte, Polígono Eólico Acibal, ao que chegamos tarde, pois comezaron as obras, e na Amil medra a preocupación. Alí podemos ver a enorme desfeita que nos espera se non actuamos xa, están destruindo o entorno e informan que vai quedar afectado o subministro de auga de varios concellos.

Estamos no momento de decidir, se os nosos parques son rupestres ou eólicos, se queremos deixarlle á nosa descendencia un Campo Lameiro Capital da Arte Rupestre de Galicia ou un Campo Lameiro vendido ao capital das eléctricas e abandonado.

Agora van tomar a palabra dúas persoas en representación de comunidades de Campo Lameiro afectadas por polígonos eólicos:

Bos días, son Manuel do Ferreiro, veciño de Muimenta.

Vai facer un ano que nos caeu coma unha bomba o anuncio do proxecto eólico Touriñán III-2.

Despois de meses de angustia, de buscar información, presentar escritos e pedir axuda, aparece un emisario de Greenalia e di, a ver:

Que piden os de Muimenta?

Despois de que levan anos a argallar este proxecto, en silencio, porque non tivemos acceso a el ata que saíu a exposición pública e o descargamos polos nosos medios. Despois, veñen e din:

Que piden os de Muimenta?

Despois de que averiguamos que a cimentación dun “molinillo”, como lle chama algún, vai meter millóns de kilos de formigón na braña que nos abastece de auga. Que unha subestación de cinco mil metros cadrados, con miles de litros de aceite industrial, vai ocupar as nosas fontes. Que xa nada máis empezar as obras, como se está vendo na Amil, van destruír a nosa traída. Despois de todo isto, pregúntannos:

Que piden os de Muimenta?

Anduveron decindo que xa cobramos, que xa cederamos, pero non é nada verdade. De momento non aceptamos nada nin firmamos nada de nada, nin temos pensado.

Queremos aproveitar este pleno para dicir, alto e claro, ante todo Campo Lameiro, o mesmo que lles respondemos á cara cando nos preguntaron:

Que piden os de Muimenta?

NÓS NON PEDIMOS NADA. O QUE QUEREMOS É QUE NON NOS TOQUEN O MONTE.

Que nos deixen aproveitar os recursos do noso monte para o ben da comunidade. A auga, a madeira, os sendeiros... O monte non é para que se beneficien os que xa son ricos, senón para manter a vida das aldeas.

Eu son veciña de Redonde, parroquia de Fragas.

Aquí nacín e aquí me criei.

Mirando a mesma paisaxe que miraban os nosos antepasados.

Paseando por esta terra única, terra regada por mananciais de auga pura, terra tatuada por centos de petróglifos.

Como a nosa famosa pedra da Boullosa, que quedará a escasos metros dun dos muíños de vento do polígono Anduriña.

Muíño de vento de 200 metros de altura que por certo, quedará a cincocentos metros das nosas casas. Cando están demostrados os danos que provocan na saúde, o ruído que xeneran e as molestas sombras intermitentes destes elementos.

Ademais, como todos sabemos, nas aldeas vivimos dos mananciais de auga do monte, ¿quen nos garantiza as nosas traídas de auga?

E que decir da desfeita dos montes, queremos un monte que se poida visitar, non un desmonte do que teñamos que escapar.

Pouco a pouco ímonos enterando de todo o que está proxectado no noso concello. ¿E todo isto cómo? Pois sin que ninguén contara coa nosa opinión e sen oportunidade de poder expresarnos.

Non merecemos que nos traten como cidadáns de segunda.

Non estamos hoxe aquí por gusto, non estamos por gusto nas reunións informativas, nin repartindo alegacións.

Gustaríame máis estar paseando coa miña familia.

Pero quero que o día de mañá o meu fillo poida tamén mirar a mesma paisaxe que miraban os seus antepasados. Que a súa saúde non corra perigo e que desfrute da tranquilidade desta terra única... sen muíños de vento, sen ruídos, sen estar rodeados de liñas de alta tensión... e dicir con orgullo: NÓS NON NOS VENDIMOS!

REDONDE NON SE VENDE!

FRAGAS NON SE VENDE!

CAMPO LAMEIRO NON SE VENDE!

Por todo isto,

PEDIMOS

Que se eleve a votación, neste mesmo pleno, cada un dos seguintes puntos:

1º.- Que a Corporación Municipal se comprometa a facilitar, a quen teña a atribución de poder solicitalo e así o faga, o acceso aos informes técnicos en resposta aos proxectos eólicos.

2º.- Que a Corporación Municipal se comprometa a solicitar, no primeiro día de prazo, que a oficina técnica municipal emita informe técnico en resposta a cada proxecto eólico por saír a exposición pública (incluso Zudreiro, aínda en prazo, se aínda non fora respostado), pois a non emisión deste informe equivale a un informe favorable. Que se teñan en conta os informes arqueolóxicos ou de outra índole que acheguen as comunidades afectadas. E que teña en conta os aspectos negativos da implantación destes proxectos sobre:

- a) A interpretación das estacións de arte rupestre de Campo Lameiro no seu contexto paisaxístico.
- b) A integridade dos elementos arqueolóxicos, aínda sen catalogar, que albergan os nosos montes.
- c) O tecido socio-económico que se apoia na existencia dun conglomerado histórico artístico único en Europa.
- d) O entorno natural e o turismo de natureza.
- e) O réxime hídrico e os sistemas de captación de auga para o abastecemento da poboación.
- f) A valoración dos bens inmobles situados dentro da superficie de afección dos polígonos.
- g) A cobertura móbil, as servidumes e os usos permitidos nos terreos de Campo Lameiro.
- h) A saúde das persoas con vivenda a menos de 1 quilómetro dalgún aeroxerador.
- i) O índice demográfico local, en base aos estudos sobre perda de poboación en áreas de desenvolvemento eólico.

3º.- Que a Corporación Municipal se comprometa a informar a veciñanza da existencia de novos proxectos eólicos que poidan afectar o territorio de Campo Lameiro, tan pronto teña constancia dos mesmos.

4º.- Que a Corporación Municipal se comprometa a organizar unha charla, aberta a toda a veciñanza, impartida polo Observatorio Eólico de Galicia (grupo de investigación participado por Fundación Juana de Vega, Fundación Isla Couto e Universidade de Vigo), cando este amose dispoñibilidade.

5º.- Que se eleve a votación, neste mesmo pleno, unha RESOLUCIÓN MUNICIPAL DE POSICIONAMENTO, en contra da implantación de:

a) Polígonos eólicos Acibal, Pico Touriñán, Touriñán III-2, Campo das Rosas, Anduriña, Zudreiro, Rosa dos Ventos e Alende.

b) Liña de Alta Tensión Pico Touriñán - Tibo, liña Porto Vidros - Campo das Rosas e Arca - Touriñán III-2.

6º.- Que tamén se eleve a votación, neste mesmo pleno, unha RESOLUCIÓN MUNICIPAL DE APOIO Á VECIÑANZA, pola cal a Corporación Municipal se comprometa a axudar as comunidades afectadas, nas accións que leven a cabo para se defenderen da implantación de polígonos eólicos.

E finalmente,

AGRADECEMOS:

Que escoitedes as nosas peticións e a voz da vosa conciencia. Que reflexionedes sobre o legado que queremos deixar nesta terra. E que poñades o futuro de Campo Lameiro por riba doutros intereses económicos ou políticos.

VIVA CAMPO LAMEIRO!